

Edición 3ª

Data de aplicación: 01/07/2021

A. Obxecto

Definir a sistemática que garanta unha adecuada coordinación de actividades empresariais en materia de prevención de riscos laborais para o desenvolvemento das actividades levadas a cabo pola Universidade de Vigo, en adiante UVigo, en cumprimento do establecido no Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lee 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

B. Alcance

- Todos os traballos/servizos/actividades que sexan realizados por persoas ou entidades externas (autónomos, entidades públicas ou privadas, etc.) nas instalacións da UVigo. “Instrución de Prevención de Riscos Laborais IPRL-08-02: traballos/servizos/actividades realizadas por persoas ou entidades externas nas instalacións da UVigo” (en adiante IPRL-08-02).
 - Estancias/colaboracións realizadas por persoal de entidades externas (persoal de: empresas, fundacións, hospitais, centros de investigación, outras universidades, centros adscritos etc.) nas instalacións da UVigo. “Instrución de Prevención de Riscos Laborais IPRL-08-03: Estancias/colaboracións realizadas por persoal de entidades externas nas instalacións da UVigo” (en adiante IPRL-08-03).
 - Traballos/servizos/actividades, estancias/colaboracións realizados polo persoal da UVigo en entidades externas a esta (empresas, fundacións, hospitais, centros de investigación, outras universidades, centros adscritos etc.). “Instrución de Prevención de Riscos Laborais IPPRL-08-04: Traballos/servizos/actividades, estancias/colaboracións realizadas por persoal da UVigo en entidades externas” (en adiante IPRL-08-04).
 - Cesión de espazos da UVigo a entidades externas. “Instrución de Prevención de Riscos Laborais IPRL-08-05: Cesión de espazos da UVigo a entidades externas” (en adiante IPRL-08-05).
-

*Nome**Data*

<i>Realizado por</i> Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	M ^a . José Montero Vilariño. M ^a . del Carmen Álvarez González.	14/06/2021
<i>Revisado por</i> Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	Raquel Souto García.	30/06/2021
<i>Aprobado por</i> Xerencia	Raquel Souto García.	30/06/2021

Documento asinado electrónicamente

Edición 3ª

Data de aplicación: 01/07/2021

- Exclúense os traballos/servizos/actividades de mera entrega de materiais ou subministración nas instalacións da Universidade de Vigo.
- Exclúense os traballos de construción de novos edificios, así como todos aqueles que estean dentro do ámbito de aplicación do RD 1627/1997 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

C. Histórico de revisións

Edición terceira.

D. Documentación de referencia

Estándar OHSAS 18001.

E. Contido

1- Os requisitos contractuais incluídos acordos de colaboración ademais de estancias u outras formas que en definitiva xeren a realización de traballos/servizos/actividades, estancias/colaboracións, actúan como complemento específico vinculado aos aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais, sen prexuízo do cumprimento das disposicións legais en materia de contratación en xeral, e en particular da Lee 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; oe de convenios de colaboración que poidan subscribirse.

2- Dependendo do traballo/actividade/servicio a desenvolver na UVigo por persoas ou entidades externas, a UVigo, actuará:

-Como **empresa titular** cando a UVigo contrate traballos/servizos/actividades con persoas ou entidades externas para realizar tarefas que non son propias da actividade da UVigo (IPRL-08-02 véxanse puntos 1.1.1., 2.1.1.; 2.1.2.).

-Como **empresa principal** cando a UVigo contrate traballos/servizos/actividades con persoas ou entidades externas, para realizar tarefas que forman parte da súa propia actividade, (IPRL-08-02 véxanse puntos 1.2.1., 2.2.1.).

3- O/a Responsable con capacidade para solicitar ou autorizar a realización dos traballos/servizos/actividades por persoal externo incluídos na IPRL 08-02 e decidir sobre a execución destes, enviará ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais (en adiante SPRL) da UVigo, antes do inicio, a información sobre a persoa ou entidade externa e sobre os traballos/servizos/actividades que se vaian realizar. Para isto utilizará o “Documento Rexistro de Prevención de Riscos Laborais DRPRL 08-02: Notificación ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais do traballo/servicio/actividade a realizar pola entidade externa na UVigo”. (en adiante DRPRL-08-02), ou calquera outro documento do que dispoña o/a responsable que recolla dita información.

O SPRL da UVigo, en función da información recibida, solicitará á persoa ou entidade externa a documentación correspondente e facilitaralle a información necesaria segundo a IPRL-08-02 por medio da aplicación de xestión documental de coordinación de actividades empresariais da UVigo.

Edición 3ª

Data de aplicación: 01/07/2021

O/a Responsable con capacidade para solicitar ou autorizar a realización dos traballos/servizos/actividades incluídos na IPRL 08-02 e decidir sobre a execución destes, terá en conta para a autorización do inicio dos traballos/servizos/actividades, o estado da entrega de documentación por parte das persoas ou entidades externas mediante a aplicación de xestión documental de coordinación de actividades empresariais da UVigo.

Á súa vez el/ela ou a persoa en quen delegue realizará o seguimento sobre o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais dos traballos/servizos/actividades realizados pola parte externa.

4- Nos traballos/servizos/actividades incluídos na IPRL 08-02 nos que a Área de Xestión das infraestruturas preste asistencia técnica-administrativa, a comunicación ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais é levada a cabo tamén por dita Área. Esta Área, asumirá o control xeral dos traballos e a supervisión do cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais que lle sexa de aplicación á execución daqueles.

5- O/a Responsable con capacidade para solicitar ou autorizar a realización da estancia/colaboración de persoal externo na UVigo incluída na IPRL 08-03, enviará ao SPRL da UVigo, antes do inicio, a información sobre dita estancia ou colaboración. Para isto utilizarase o “Documento Rexistro de Prevención de Riscos Laborais DRPRL 08-03: Notificación ao SPRL da estancia/colaboración a realizar por persoal de entidades externas nas instalacións da UVigo”. (en adiante DRPRL-08-03), ou calquera outro documento do que dispoña o/a responsable que recolla dita información.

O SPRL da UVigo, en función da información recibida, solicitará á persoa ou entidade externa a documentación correspondente e facilitaralle a información necesaria segundo a IPRL-08-03 por medio da aplicación de xestión documental de coordinación de actividades empresariais da UVigo

O/a Responsable con capacidade para solicitar ou autorizar a realización da estancia/colaboración de persoal externo na UVigo incluída na IPRL 08-03, terá en conta para a autorización do inicio da estancia/colaboración, o estado da entrega de documentación por parte das persoas ou entidades externas mediante a aplicación de xestión documental de coordinación de actividades empresariais da UVigo.

Á súa vez el/ela ou a persoa en quen delegue realizará o seguimento sobre o cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais da estancia/colaboración realizada polo persoal externo.

6- Os traballos/servizos/actividades, así como estancias/colaboracións incluídas na IPRL-04, realizados polo persoal da Universidade de Vigo en entidades externas a esta, implicarán:

O/a Responsable da UVigo con autoridade para que se leven a cabo ditos traballos/servizos/actividades, estancias/colaboracións, enviará por escrito ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UVigo, antes do inicio, a información correspondente á actividade que se vaia realizar na entidade externa. Para isto utilizará o “Documento Rexistro de Prevención de Riscos Laborais DRPRL 08-04: “Notificación ao SPRL do traballo/servicio/actividade, estancia/colaboración a realizar por persoal da UVigo en entidades externas”. (en adiante DRPRL-08-04), ou calquera outro documento do que dispoña o/a responsable que recolla dita información.

Edición 3ª

Data de aplicación: 01/07/2021

O SPRL da UVigo unha vez recibida dita información, xestionará a solicitude de información dos riscos, das medidas preventivas e medidas de emerxencia aplicables en dita entidade externa mediante o “Documento Rexistro de Prevención de Riscos Laborais DRPRL 08-06: Requisito de información de Prevención de Riscos Laborais á entidade externa onde se vaia realizar o traballo/servicio/actividade, estancia/colaboración por persoal da UVigo” (en adiante DPRL-08-06), ou calquera outro documento do que dispoña o/a responsable que recolla dita información.

O SPRL, recibida a información da entidade externa, remitiralla ao Responsable da UVigo con autoridade para que se leven a cabo ditos traballos/servizos/actividades, estancias/colaboracións para que este/a lla entregue ao persoal da UVigo que vaia á entidade externa.

Así mesmo, o SPRL da UVigo proporcionará ao/á Responsable da UVigo con autoridade para que se leven a cabo ditos traballos/servizos/actividades ou estancias/colaboracións, a documentación que puidera requirir a entidade externa en relación coa prevención de riscos laborais.

7- O/a Responsable da UVigo con autoridade para que se leve a cabo a cesión de espazos incluídos na IPRL 08-05, enviará ao SPRL da UVigo, antes de autorizar a cesión, a información correspondente á actividade que se vaia realizar no espazo solicitado. Para isto utilizará o “Documento Rexistro de Prevención de Riscos Laborais DRPRL 08-05: Notificación ao SPRL da cesión de espazos a entidades externas”. (en adiante DRPRL08-05), ou calquera outro documento do que dispoña o/a responsable que recolla dita información.

O SPRL, unha vez recibida a información, facilitará á entidade externa a información necesaria segundo a IPRL-08-05 por medio da aplicación de xestión documental de coordinación de actividades empresariais da UVigo.

8- O Servicio de Prevención de Riscos Laborais poderá inspeccionar e verificar as condicións de traballo referidas a calquera traballo/servicio/actividade contratado, estancia/colaboración ou cesión, en calquera momento. Deixando constancia do resultado de dita inspección no “Documento Rexistro de Prevención de Riscos Laborais DRPRL 09-07: Libro de Prevención de Riscos Laborais do centro”, que poderá xerar a toma de accións que se estime oportuna en función do caso, aplicándose a sistemática descrita no “Procedemento de Prevención de Riscos Laborais PPRL-15: Non conformidades, accións correctivas, e accións preventivas”.

9- Cunha periodicidade mínima anual, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais procederá a actualizar os datos de aquelas entidades externas cuxa actividade se prolongue por mais dun ano.

10- O control e a coordinación de actividades empresariais das obras de construción de novos centros ou edificios é levada a cabo de forma íntegra pola Área de Xestión das infraestruturas conforme ás especificacións recollidas nos seus respectivos proxectos (tanto de deseño, como de execución) de obra.

Edición 3ª

Data de aplicación: 01/07/2021

G. Rexistros

<i>Identificación</i>	<i>Arquivo</i>	<i>Responsable</i>	<i>Recuperación</i>	<i>Tempo</i>
DRPRL-08-01 Recibo de información de PRL e compromiso de entrega.	Soporte papel/soporte informático.	SPRL.	Por empresa contratada, entidade colaboradora ou entidade externa á que se lle cede o espazo.	5 anos.
DRPRL-08-02 Notificación ao SPRL do traballo/servizo/actividade a realizar pola entidade externa na UVigo.	Soporte papel/soporte informático.	SPRL.	Por empresa contratada.	5 anos.
DRPRL-08-03 Notificación ao SPRL da estancia/colaboración a realizar por persoal de entidades externas nas instalacións da UVigo.	Soporte papel/soporte informático.	SPRL.	Por entidade externa.	5 anos.
DRPRL-08-04 Notificación ao SPRL do traballo/servizo/actividade, estancia/colaboración a realizar por persoal da UVigo en entidades externas.	Soporte papel/soporte informático.	SPRL.	Por entidade externa.	5 anos.
DRPRL-08-05 Notificación ao SPRL da cesión de espazos a entidades externas	Soporte papel/soporte informático.	SPRL.	Por entidade externa á que se lle cede o espazo.	5 anos.
DRPRL-08-06 Requirimento de información prevención de riscos laborais da entidade externa onde se vaia realizar o traballo/ servizo/actividade, estancia/colaboración por persoal da UVigo.	Soporte papel/soporte informático.	SPRL.	Por entidade externa.	5 anos.

Edición 3ª

Data de aplicación: 01/07/2021

H. Indicadores

<i>Indicador: Disposición da documentación de accións incluídas na IPRL-08-02 e na IPRL 08-03</i>				
<i>Definición (ratio)</i>	<i>Unidade de medición</i>	<i>Valor de referencia</i>	<i>Responsable do seu seguimento</i>	<i>Periodicidade</i>
(Nº de traballos/servizos/actividades incluídos na IPRL-08-02 con documentación completa/ Nº total de traballos/servizos/actividades incluídos na IPRL-08-02) x 100.	Puntos porcentuais.	> 60 %.	CSS.	Semestral
(Nº de estancias/colaboracións incluídos na IPRL-08-03 con documentación completa/ Nº total de traballos/servizos/actividades incluídos na IPRL-08-03) x 100	Puntos porcentuais.	> 60 %.	CSS.	Semestral